



NOVA GALIZA

25 cts.

REVISTA QUINCENAL
DOS ESCRITORES GALEGOS
ANTIFEIXISTAS • Redacción
Av. 14 de Abril, 442
BARCELONA

N.º 12

15 DE NOVEMBRE DE 1937

PREGÓN:

Nova Galiza achégase oxe, coa mesma cara, mais con traxe novo, á roda en que se pregoan e se venden os papeis impresos. Está por vez primeira no Preguntoiro, no lugar dos pregóns, e algún día ha de estar co mesmo garbo e seriedade, pero con mais ledicia, n'aquel que desde os tempos vellos dá nome a unha rua compostelán. ¡Aquelas laxes, que fagúan sonoras o ir e vir dos estudantes e o trafego dos labradores! ¡Aquel repique duns zoquiños novos!... Mais non queremos afogar de lembranza. Crebaríase a voz que nos fai falla para este pregón de agora.

Deica oxe este boletín era como unha carta impresa que se mandaba a moitos e escolleitos destinatarios. Agora adquire novos compromisos e ten que aparecer con mellor gala. Pero o seu ser é o mesmo. Aquí tendes os nosos antecedentes: uns cantos traballos que ao follear con saudade a vella colección, sentimos que aínda latexaban pedindo ancho espazo para decil'os seu mensaxe. Quixemos darlles ese gusto e disparáronse en bandada, postos en ángulo como as anduriñas. Así este número non é samente unha mostra da fase «epistolar» de NOVA GALIZA. Ten unidade e vértice de Manifesto e de Promesa.

Todo o que ven aquí dentro non ten mais adentro que o que se ve, en tendo bós ollos e inxeleza d'abondo para non ver o que non hai.

Dende agora o que merque NOVA GALIZA xa sabe o que merca.

PROPÓSITO

Desde el mes de febrero, con el subtítulo de Boletín quincenal dos escritores galegos antifeixistas, NOVA GALIZA venía distribuyéndose gratuitamente. Se enviaba a los frentes en que combaten más hijos de Galicia por la liberación total de España, y a todas las personas y entidades deseosas de cooperar a la difusión de nuestros testimonios y al buen nombre de nuestra tierra.

Hoy, al poner a la venta nuestra pequeña publicación, cediendo a requerimientos de simpatía que en torno de ella se han despertado, hemos querido brindar al público más amplio con que contamos desde ahora, una revista en que el decoro del contenido fuese asistido en lo posible por la buena apariencia editorial, aunque huyendo de excesos mal avenidos con nuestro fin en las circunstancias presentes y con las miras de divulgación que el propósito nos impone.

Todo este número expresa con inequívoca diafanidad cual ha sido hasta ahora el espíritu de esta revista. Lo integran algunos de los trabajos aparecidos en ella hasta la fecha, de tal suerte elegidos, que orienten al gran público sobre el carácter y motivos de NOVA GALIZA. Constituyen, en suma, un espontáneo manifiesto de sus animadores. No hay, pues, cambio esencial en la línea de nuestro propósito, sino sólo el deseo de hacerlo más fecundo. Pero nuestra experiencia nos ha traído el pensamiento de enriquecer el plan, dedicando, en lo sucesivo, números especiales a diversos problemas de Galicia.

Contra el confucionismo faccioso, hemos de poner nuestra claridad en pie de guerra. Esto, y una amplísima capacidad de conciliar en diálogo las voluntades de cuantos anhelan para Galicia y, en general, para España, una verdadera organización de la libertad y una máxima eficacia en las empresas que exijan lúcida colaboración, son también medios de oponerse al fascismo (que es todo lo contrario).



D I B V X O D E C O L M E I R O

¿QUÉ SERIA GALIZA BAIXO O REXIME FEIXISTA?

¿Qué sorte sería a de Galiza baixo as imposicións d'un feixismo «florecen- te»? Non é mester ser adiviño para sa- bello. A conta bótase pol-os dedos.

Grandes empresas estranxeiras — de man cos potentados hespañoles — fa- rían da Hespaña unha colonia. Esas empresas — e aquelas outras nas que italianos e alemáns non intervisen, por non lles ter conta — comporían, en xunto o sistema de intereses acobeixado baixo o nome de «industria nacional».

Nos países en que o feixismo impera, chámase industria nacional á industria concentrada que explota o gran capita- lismo indíxena. Na Hespaña tamén se- ría somente ese tipo d'industria o que se chamaría «nacional», co-a diferenza de que sería menos nacional ao ter de ser monopolizada por tres feixismos consortes.

Pero a industria mais vital nos paí- ses de Hespaña — descontando alguns centros mineiros e metalúrxicos, o gran comercio dos intermediarios e certas in- dustrias aínda escasamente aclimatadas — non é a concentrada e rexida direi- tamente pol-o gran capitalismo, senon o dilatado conxunto da produción la- brega, mariñeira, doméstica e artesá: en suma, a industria que podemos chamar «demótica» e precapitalista. Mais esta industria espaxada non se nomearía «nacional» — ou non tería os privile- xos que ese título envolve na xer- ga dos decretos. Cun pretexto ou con outro sería asoballada e posta en ruiña pol-o imperio armado dos plutócratas.

No seu proceso de crecemento, o ca- pitalismo foi despoxando, unhas veces pol-a forza, e outras pol-a forza da com- petenza aos antergos traballadores — donos dos seus instrumentos de traba- llo e coa potestá de vender ou trocar eles mesmos o que producían. Apoiado no feixismo para sair do labirinto en que desembocou, e para esnaquizar a irman- dade obreira, o capitalismo non fai ou- tra cousa, alí onde está enfeixado e ten nas suas mans todol-os resortes do po- der, que levar mais adiante aquel mes- mo proceso... Somentemente que, en troques de «capitalizar», dise nacionalizar. Así sucedeu na Italia e na Alemaña. E as comarcas que mais independencia per- den son, xustamente, as precapitalistas. O que elas producen non ten protección aduaneira e así poden contar os plutó- cratas co marxe de «librecambio» indis- pensabel para seren tolerados no co- mercial exterior. A industria demótica paga os tributos para protexer á indus- tria «nacional». E si n'aquela ven os plutócratas unha xenerosa fonte de pro- veito fanlle un canle de leis para levar o caudal ás suas arcas. O artificio mais doado consiste na concesión de «exclu- sivas» en grande escala para *mercar e transformar* certos produtos. E dicir, que en Galiza (como na Alemaña) non sería, por exemplo, permitido fabricar queixos ou manteiga para o mercado nas casas campesíns. As mulleres dos labra- dores — cumprindo decretos impositi- vos — terían que vender o leite, quixe- ran ou non, aos monopolizadores, some-

téndose ás taxas que éstes, d'un xeito ou doutro, rematarían impoñendo. Tal- das industrias do agro, irían caendo en poder do gran capital, que non absorvería o rendimento, senon que para aumentalo, depreciaría o valor das materias primas, dándose por servido cando lle convise e obrigando así aos campesiños — feudatarios d'ese único mercado — a entregarlle o froito do seu traballo a prezo de barato.

Calquer protesta sería castigada como sabotaxe contra a industria «nacional». E cando houberse que sair ao paso do conflito, habería dous camiños: un o arbitraje oficial, sempre da parte dos potentados; outro, despoxar aos labra- dores dos seus bens declarándoos pergu- ceiros ou ineptos para outar rendimen- to da súa terra e do seu gando. Pasaría- ser xornaleiros mal pagados n'un labo- fundio ou n'unha granxa. Así ven suc- dendo en Italia e na «moderna» Ale- maña. E os labradores así despoxados perciben moitas veces xornaes inferio- res ao socorro de paro dos obreiros da industria vilega, ou pasan eles mesmos a acrecentar a grea dos parados, aínda que sen dereito a socorro, que non é coñecido aos obreiros do campo; e se poder iren á cibdade porque está prohibido... Medide agora a iñoranza e a tal- dá dos facendados hespañoles e dos servidores de Franco e Marchi, en- dide o feito de estaren eles mesmos me- tidos de nacemento ao poder estranxei- ro, e teredes a iñorma para «traba- cir» o feixismo ao hespañol.

ROMANCE DE LOITA

*O sangue de Galicia
floreceu n-unha rosa.*

*Esa fror é a milicia
que n-esta nova aurora
abreuse ó sol e ó orballo
tinguida de luz roxa.*

*Seus fillos son os rexo
lexionarios de outrora.
Son os bos lexionarios
que loitaron con gloria,
no cume do Medulio
da forte terra nosa,
contra as lexións de ferro
da avasallante Roma.
Como no tempo antergo
tamén temos agora
diante do nós os fillos*

*da sanguinenta loba.
Mais nos varudos peitos.
arde a invencible forza
que forxou as bruantes
vegadas trunfadoras.*

*¡A Libertade nunca
perdeu ningunha loita!
Oxe, como denantes,
o cálam da Historia
rexistrará nas suas
ourilocentes follas
os alteirosos feitos,
as fazañas heroicas
que as vosas mans de ferro,
do traballo callosas,
están labrando a pico
nas terras hespañolas.*

*¡Milicianos! ¡Vai-n-elo,
debátese na loita,
o camiño glorioso
da Humanidade nova,
a fartura e ledicia
de searas e chouzas,
o prestixio da raza,
e, mais que todo, a honra
da Galicia que un día
nos arrolou mimosa!*

*¡Milicianos galegos
xa cubertos de gloria!
¡A Libertade nunca
perdeu ningunha loita!*

*¡Milicianos galegos...!
¡Adiante a Terra nosa!*

R A M Ó N C A B A N I L L A S

GLOSAS DE CASTELAO

As tres fontes

A renascencia da cultura galega — provocada por un fato de mozos que xa morreron ou xa son vellos — despertou a vontade autonomista; pero a simple promulgación dun Estatuto autonómico nin tansiquera podería soste o rexurdimento espiritual se non servise para transformar a nosa economía e non tivéssemos tamén a vontade de realizar esta transformación.

Xa é hora de decir que foi Bóveda o home do Estatuto de Galiza e que morreu por defendelo. Bóveda era, ademais, o home capaz de «preparar a nosa terra para incorporala, no seu día, ás novas correntes da economía universal». Pero eu estou ben seguro de que a morte de Bóveda servirá de estímulo i exemplo a todos os autonomistas galegos. Soñemos, pois. Soñemos un pouco para esvaer o pesadelo desta guerra noxenta.

Eu vexo a nosa terra ceibe de vezos rutinarios, de pleitos cativos e de cobizas ruíns.

Vexo aos homes no traballo e ás mulleres no fogar. Vexo aos nenos, loiros e bonitos, a comer pan-trigo con mel e manteiga. Vexo ás mozas levando liño ás fábricas de fiado — como antes levaban grao ao muiño — e véxoas dispois a tecer lenzos insuperables.

Vexo casas limpas e hixiénicas, de estilo paisán e dacordo coas comenencias da vida labrega ou mariñeira.

Vexo centros técnicos de investigación i experimentación agrícola, forestal e pecuaria.

Vexo piscifactorías, laboratorios costeiros i escolas de pesca.

Vexo escolas ruraes de formación campesiña para soerguer a comunidade aldeán.

Vexo grandes fábricas de pasta de papel e de produtos derivados do leite.

Vexo a explotación mecánica das canteiras de granito azul e rosa.

Vexo, en fin, unha terra farturenta, onde todos traballan e viven en paz.

A vida económica da nova Galiza está principalmente nos prados, nos montes e no mar; é decir, na vaca, no albre e no peixe. Cicais estea tamén nas froitas, nas patacas e no viño; pero á nosa terra abondárialle con tres fontes de riqueza ben dirixidas.

Hoxe quero darvos a coñecer uns apuntes que eu compuxera para ledicia do noso inesquecible Bóveda, e para que poideran servir de afiches na propaganda que se aveciñaba.

A VACA:

A vaca é o símbolo da paz.

Val máis o que significa unha vaca que o que simboliza un león rampante.

A vaca esqueceuse dos cornos e danos o seu traballo, o seu leite, a súa carne, o seu coiro e a carne e o coiro dos seus fillos. Non-os pode dar máis.

O can é o amparo dos ricos, que defende a propiedade do amo e ladra aos probes que van pol-os camiños. En troques a vaca é o amparo dos probes libres.

Os concursos de vacas leiteiras valen máis que os «concursos de beleza».

A nosa vaca tiña o pesebre en Galiza e os tetos en Madrid. E o que non lle dá de comer a unha vaca non ten dereito a muxila.

As «señoritas» que choran pol-a morte dun can ridículo non comprenden a door dunha familia labrega cando se lle morre unha vaca.

Se non fose pol-o leite das vacas a piolleira das cidades morreríase desnutrada. A vaca é a ama de cria da humanidade.

O día que nós emitamos papel-moeda non estamparemos n-él o retrato dos políticos, nin dos sabios, nin dos artistas. Estamparíamos somentes a figura dunha vaca, como símbolo da nosa economía humanamente distribuida.

O día que Galiza sexa unha comunidade cooperativa ergueremos un gran moimento cunha vaca en bronce dourado.

Tamén hai razas de vacas, e a mellor é a nosa.

O día que seipamos o que val unha vaca, aquel día Galiza quedará redimida.

O ALBRE:

O albre é o símbolo do señorío espiritual.

O albre é un engado dos ollos pol-a súa fermosura; é unha ledicia dos ouvidos porque n-él cantan os paxaros; é un arrolador do espírito, porque nas súas ponlas conta contos o vento.

O albre danos a froita, que é un manxar composto pol-o mesmo creador para regalía do noso paladar. O único ben que nos quedou do paraíso perdido.

O albre pídelle auga ao ceo para que a terra teña sangue, vida e bonitura.

O albre danos a soma fresca no vrán e a quentura garimosa no inverno.

O albre danos as traves, o chan e as portas da casa. Danos o berce, o báculo da vellez e a caixa para ir ao Alén.

O albre danos o papel barato que nos trai a decotío as novas do que pasa no mundo.

Val máis unha terra con albres nos montes que un Estado con ouro nos bancos.

A calvicie dos montes galegos é unha terrible acusación contra o Estado unitario.

Os albres son as minas galegas que nós saberemos explotar cando a nosa terra sexa nosa.

A repoboación forestal será o patrimonio da nación galega e o mellor aforro da colectividade.

Na nosa terra danse os mellores albres.

O día que seipamos o que val un albre, aquel día non teremos necesidade de emigrar.

O PEIXE:

O peixe é o emblema de Cristo.

O peixe é a prata do mar feita carne.

Cada peixe ten a sustancia do seu mar. O peixe do Mediterráneo sabe a carne civilizada. O peixe do Atlántico, un mar terriblemente salvaxe, sabe a sal de vida.

O peixe galego trai nas frebas da carne as mellores esenciais do Atlántico.

A pesca era un traballo noble e xeneroso. Por algo Xesús de Nazaret escolleu como apóstoles a doce mariñeiros. Mais agora péscase con dinamita.

Cando naufragaba unha lancha morría o «patrón» xunto cos «compañeiros». Agora o «patrón» nunca morre afogado porque xa non vai ao mar.

A pesca en Galiza ennoblecerase de novo cando retorne ás maneiras colectivistas da nosa tradición mariñeira. O que queira «quiñóns» que xogue a vida no mar.

O Fisterre galego — a punta máis avanzada de Europa — fíxose para pescar.

A xente da meseta soio coñece as momias de sardiña en ataúdes de madeira e folladelata. O día que teñamos un gran porto pesqueiro e vías de comunicación, toda Hespaña comerá peixe fresco.

A Hespaña que morre de carne de porco revivirá pol-a carne de peixe.

O día que Galiza sexa nosa, os mariñeiros vivirán na fartura.

Lembranza

As lembranzas sempre son saudosas porque teñen a melanconía esvaída pol-as lonxanías; pero as lembranzas que oxe acuden a nós veñen cangadas de sofrimentos terribles.

Son as doce de noite. Tal día como este celebrá-

bamos a festa de Galiza. Todo era ledicia dendes que o día agomaba. A nosa esperanza era unha inmensa fogueira, cada ano máis acesa. Mais oxe non é o día de Galiza.

Oxe é a noite de Galiza. ¡Hoxe é a noite! Unha noite poboada de pantasma.

Xa non veremos máis a flor das nosas xentes. Xa non ouviremos endexamáis a voz dos «bós e xenerosos» que en tal noite como esta falaban na Quintana dos Mortos de Compostela para erguer a vontade nacional do noso país. Os mellores galegos morreron asesinados ou andan pol-o mundo co peso dos mártires no corazón.

N-este 25 de xulio do 1937 sentímonos fillos da morte e quixéramos volver a contar o tempo por noites e non por días. Sentímonos pesarosos de vivir e quixéramos estar xa na compañía dos que se foron. Pero aínda hai lume no noso corazón de patriotas.


A patria non é un obxecto que se poida perder; non é unha cousa que se poida roubar. A patria vive no corazón dos patriotas ou non existe. E a patria galega sentímola viva dentro de nós. Tamén sentimos o deber de vivir por ela e para vengar aos nosos mártires, gardar a súa memoria e realizar os seus postrimeiros anxeiros.

Sabemos que a victoria non pode ser máis que nosa calisquera que sexan os avatares d-esta guerra civil. Sabemos que Galiza conquistará a súa liberdade. E sabemos que Galiza celebrará con ledicia o seu día de gloria.

¡Qué importa que os vellos quedemos enloitados para sempre! ¿Non haberá mozos que sintan unha ledicia íntegra no corazón?

Voltaremos a celebrar o día da patria. Falarán en tal noite como esta — cicais nós mesmos —, outra vez na Quintana dos Mortos de Compostela. Haberá bandeirás, músicas, foguetes e cantigas. Os galegos terán o corazón máis duro, os sentimentos máis rexos, o pensamento máis firme; pero a ledicia será un aturuxo de victoria, a rolar pol-a nosa Terra.

R E L I E V E



DEL ESCULTOR CATALÁN CANYES

MANIFESTO EN TRES TEMPOS • Por RAFAEL DIESTE

I. O crime peta nas portas.

Altas horas da noite. Os falanxistas e os civiles saen da taberna. Dan voltas pol-a vila, abesullando a través das reganduxas que deitan luz, contendo o alento n'unha esquina para escoitar algún romor... Siguen, falan pol-o baixo e rematan petando a unha porta. Alí onde petan, petou o crime.

Todal-as noites...

Piden a corda da vaca.

Da sombra do alpendre saen a luz da lua c'un home atado co-a corda da vaca. Dend'as casas en noite, ouven que xeme unha muller, pasos que aínda resisten, un taco desvergoñento e fatuo.

Despois chega de lonxe un berro longo. Non se sabe si de home, de neno ou d'animal ferido.

Todal-as noites... Na aldea e nas vilas.

Pol-a mañanciña vése na codia d'un arbore a sinal da corda, e o sangue ao pe.

Petan a unha porta. Van en procura d'un mozo, disque para declarar... pasa o día, pasa a noite. O mozo non torna. Unha mañán corre a voce : hai moitos mortos n'un camiño. Un d'eles é aquel que saiu para declarar.

O crime señorea. Ten os ollos de vidro. Espía, non vé. Persigue romores no ar noitébrego e bisbiseos delatores, pero non oi nin entende a voce human. Cea forte, bebe groseiramente, envilecendo o noso viño. E sai despois con solermia de fera cobarde a faguer o seu.

Nos cociñóns da aldea xúntanse as mulleres aos domingos. Case que non falan. Choran. Non choran pol-os parentes. Choran pol-os mortos de todos, pol-a aldea aldraxada.

E o crime sigue a petar nas portas.

Na cibdade, nas vilas, nas aldeas.

Os falanxistas son milleiros. En xunto fan como unha lepra a ferver de vermes.

Ollada dende o ceo veríase â nosa terra como unha faz descoñecida, maldita, disfrazada cos lamparón d'unha espantosa malatía.

Todol-os larizáns, os que non tiñan esprito creador nin anxeio nengún de traballar e estaban como vacantes na nosa terra, xa teñen agora que faguer : asesinar.

¿A quen? En averigualo pasan o tempo, e sempre se pode topar motivo cando se quer. Primeiro mátase a un, despois ao que protesta desa morte, logo aos que queren socorrer aos que ficaron orfos. Tamén se mata aos que non queren matar a seus irmáns. A roda non ten fin...

— Irmán, ven conmigo.

Era aquela muller que hai moitos días que non sabe do seu home, e acaba de ouvir que hai un morto n'un camiño.

Alá van os dous — ela e seu irmán —, preguntando a quen pasa.

— Mais alá, mais alá...

Chegan. A muller quer debruzarse, c'un salouco d'espanto, sobre aquel morto que é seu home. Pero detrás d'un arbore alguén espía... A muller fica inmovel. Seu irmán mira ao morto como a un descoñecido...

O que espíaba, adiántase, e inquire estricando o pescozo :

— ¿Coñecédelo?

Un pequeno silencio. A muller pensa en seu irmán, que está alí, ao pe d'ela, calado... Responde :

— Non, non sabemos quen é...

E siguen os dous o camiño...

Carretera de Castela, máis alá de Betanzos. En chegando â costa do Sal mulleres que ían ao mercado viron â veira do camiño unha morea de mortos. Dáballes na face un sol furioso e andaban os abellón a rosmaren.

Había un, moi ferido, que non estaba morto aínda, e medio se ergueu, según veu que chegaban as mulleres. Tiña a cara en lume e non se podía mover para s'amparar do sol que o queimaba. Adiviñaron elas, e preguntáronlle se quería que o levasen â sombra. Afirmou él c'un xesto e indicou por señas que agoniaba coa sede.

Levárono â sombra as mulleres, e foron despois correndo a unha fontenla montesía para lle tragner auga.

Cando voltaron, os falanxistas estaban enterrando a todos. Aquel da sede estaba xa casi cuberto de terra... Foron caendo as paletadas até o fin. Enterrábano vivo.

Nas mans d'unha muller tremelocía unha cunca d'auga fresca.

N'un pobo da Cruña que nos primeiros tempos resistiu, logo de ser dominado pol-os feixistas foron fusilados varios nenos de doce a trece anos, aos que s'alucaba de ter baixado uns santos do altar. (Se hai santos, estade seguros que son amigos d'eses nenos.)

Denantes do fusilamento os falanxistas deron a escoller : matar aos pequenos «roxos» ou a seus pais.

Presentáronse os pais de algúns. (Non de todos porque a algún d'aqueles nenos xa os deixaran orfos.)

E contra o muro da execución puxéronse uns rapaces orfos e uns pais que daban a vida pol-os seus fillos.

En nome dos santos de pau, os falanxistas dispararon... (contra uns santos de carne e oso.)

II. A todos vos, irmans emigrados.

O que naceu na nosa terra, e confirmou nacencia con entendimento, lembrarase de Galiza primeiro para amala — sen que ningunha sombra amingoe a transparencia d'ese amor, vendo como percorren o recordo os tempos limpos en que foi neno —, e lembrarase tamén para remozar unha promesa que todo galego ben nacido, chegando a ter uso de razón baril, tivo que se faguer: a de fraternizar con todos os que queren unha Galiza próspera e lanzal, ou, dito de outro xeito, unha Galiza ceibe de lampantís.

Os vellos torcedores do destino galego, os que con maneiras vilegas e cara de listos acobeixaban un bárbaro sentir e un ermo caletre, son os que agora ornean e dan couces e fundan en disgracia o seu vergoñento dominio.

Ao que teña boa memoria non será mester espricarlle con moito detalle o que oxe pasa na nosa terra e porqué pasa. Abonda lembrarse con amor... e con entendimento.

Hai quen coida estar desperto porque é listo para o seu negocio. Pero deixa que se lle durma todo o resto do espírito ou fai canto pode por non despertalo...

Galegos todos d'América:

Si queredes de todo corazón, si non vos torcen a vontade mezquiños intereses, e si estades desbertos, podedes axudar a se redimiren do terror feixista aos nosos irmáns de Galiza.

Pensade que son moitos milleiros de galegos lanzales e valentes os que arriscan a súa vida buscando nos fronte de guerra da Hespaña san e leal o camiño para chegaren a Galiza e redimila. Pensade que a eses galegos, que honran á nosa terra, ninguén os obriga, nin foron meñester arengas nin proclamas para levalos a loitar. A súa sangue derrámase xenerosamente. O seu corazón é forte e silandeiro. Non buscan gloria. Son levados pol-o amor. Pensade n'eles e despois contemplade a xente frívola que tendes ao redor, consultade a vosa conciencia...

Pensade tamén na honra de Galiza, que pudera ser posta en entredito. Quen coñece a verdade sabe moi ben que non hai terra máis liberal que a nosa, sabe moi ben que alí loitouse sen armas, que se fixeron infindos sacrificios — que ao fin no han de ser estériles — para conter a fácil victoria d'un exército podre de resentimento. Pero esa verdade pode ser deslocida si os galegos da América non se manifestan con rexo pulo simultáneo contra os opresores da nosa terra.

Podedes faguer lonxe o que non sería doado faguer dende aquí. Podedes influir nos países en que vivides, moitos d'eles ben enganados... Pero tendes que vos manifestar craramente alén do Atlántico, en toda a América. Estades asociados. Unha sociedade no son catro... É unha vergonza que o sentir de miles poida estar algunhas veces enmascarado pol-a comenencia de catro...

Podedes evitar en moita parte que sigan en Galiza os asesñatos inicuos... Tendes que denunciar esa plaga, eisixir a intervención da diplomacia de todol-os gobernos. Sabede que en Galiza moitísima xente perse-

guida e fusilada é xente probe, que non fixo máis que pensar pol-a súa conta e dar o voto aos que lle merecían confianza... Non son dos que se poden refuxiar en consulados ou topar influencias ou recursos para evadiren cando o capricho terrorista anda xa ao seu redor. ¡Hai que clamar por todos eles en xunto! Non cada un pol-os seus. ¡Todos por todos!

Hai moitísimos galegos valentes e xenerosos en América. Moitísimos que saben a verdade e fan canto poden por defendela. ¡Pero é mester que esa valentía se contaxie a todos e que a acción sexa colectiva e ben sonada!

Lembrarse de Galiza, estar desperto... O que non se lembra oxe é porque non quer. O que non desperta é como aquel que non quer ouvir que petan á súa porta pedíndolle pousada nunha espantosa noite. O que se fai o desentendido é porque está serodio ou xa tal vez comesto de bichocos.

Falamos agora ao máis íntimo de cada un e desmóslle: busca o silencio, interrógate, esquencia o barullo da vanidade e dos pequenos compromisos, escoita a tua lembranza as voces limpas e anergas de Galiza, escoita tamén salaios que non teñen fin; recorda aqueles ollar torto ou firente — cando non era cheo de maliciosa cobardía — dos que antes medraban enliando xustiza e agora impoñense coas armas dos treidores.

Hai moitos mortos insepultos pol-o monte sen ces... Agora sí que é santo — camposanto — o campo da nosa terra.

Escoita e, si aínda hai sanidade no teu corazón, lembrarás. Pasará pol-o teu recordo a cara sempre locinte, inxel e fonda de Galiza. Ouvirás agora o seu tremendo silencio. E no aneio de tornar alá verás o súbito que ese foi sempre o teu soño, que esa foi sempre a saudade que che tivo de pé baixo todol-os agobios.

Pero non poderás voltar alá sen sanidade íntegra na i-alma. Non poderás voltar si non ouviste nesta hora, e recollido como un eco nas furnas do recordo, aquel tremendo silencio que che interroga, e si non fixeste algún libre sacrificio que che permita chegar alá coa fronte quizais máis vella, pero ergueita e nobre. Non poderás, si non soubeste lembrar á nosa terra como é debido nesta hora e poñer todo o espírito en vixilia. Non, non poderás, si te fixeste o desentendido...

E si voltases, Galiza, tua nai, non saberá que eres, e os nosos ceos non celebrarán o teu retorno cando co seu infindo ollar o teu nome de sempre.

Pero si escoitas... D'aquela, o día do teu retorno sentirás que alguén dí — quizais a brisa a xogar nos arbres —: *Velahí ven...* É aquel mesmo que salta un día...

III. Para axudar á renacenza de Galiza.


1. Ter don de oportunidade, pero non ser oportunista.
2. Aproveitar o vento... e non esquencer o rumbo.
3. Saber que un viaxe non é unha regata.
4. Non chegar antes de tempo.

5. Saber cando hai que obedecer, e a quén.
6. Se non hai vento, bogar.
7. Saber que é mellor ser un bô cibdadán que un mal político.
8. Primeiro que ten que ser o político: un cibdadán esgrevio, exemplar; segundo: un home de imaxinación; terceiro: un desbaratador da astucia. Contra solermia, inxenio rápido.
9. Saber que faguerse un nome pode ser desfaguerse.
10. Denantes de ter brillo, ter metal, aínda que sexa sen brillo.
11. Non dar creto aos alabeeiros. ¡Endexamáis!
12. Aledarse co-a louba xusta, e recibila con inxel sorpresa, como un regalo.
13. Non deformar o que se ten que dicir, na teima de se faguer ouvir.
14. Non asoballar a dignidade do teatro, a virtú da presenza, con demasía de xesto.
15. Buscar tras do misterio combinado outro misterio sen combinacións; tras do teatro, o drama.
16. Non convertir a galeguidade auténtica, a que xa non cabe no corpo, en simulacro de galeguidade.
17. Non ser máis débil que o teu énfasis. Non te fagas un énfasis que che veña grande. Máis ben un pouco estreito...
18. Non se coidar bô por ser samente sentimental.
19. E non se coidar sentimental por ter a bágoa a punto.
20. Non teñas vergonza de chorar. Tampouco a teñas de non chorar.
21. As mellores bágoas foron no soedade... E por sorpresa.
22. Non buscar insinias de bondade. Nin por locilas nin para se agarimar a concencia.
23. O xuízo ven de ceo. Non interveñas. Deixa que che traspase.
24. Non te desprecies. Sofre calado e quedo as tréboas, e agarda.
25. O bon xuízo porache en pé, regalarache un

camiño. Non midas a súa anchura. Non te entreteñas demasiado cō equipaxe. Anda xa...

26. Non faguer d'unha leira a clave do dereito.
27. Non faguer do dereito unha leira.
28. Guindar os muros. Tender as máns.
29. Non se escravizar por azo de mandar.
30. Poñerse no seu sitio.
31. Ser dilixente, pero non ter presa.
32. Ter seguranza, pero saber dudar.
33. Non ser simpático a todo o mundo. Escorren-tar a moita xente. Non se enterar do que dín os parvos.
34. Non ser carneiro aspirante a pastor.
35. Non fomentar o borreguismo alleo, no azo de pastorear.
36. Si che toca a mandar, que sexa en homes.
37. Eleva, diñifica, da forza e sanidade aos que tés a redor teu, e non che deteña o pensar que poden sobrepuxarte.
38. Mais non deas armas aos enemigos da verdade, nin siquiera verdades. D'aquela é mellor que non che entendan. Ou días de xeito que os desarmen.
39. Coidado co-as verdades como puños. Poden non ser máis que simplezas como puños, erros que a xente quer ouvir... Non lle deas ese gusto.
40. Non gastar en estralos a forza imperativa.
41. Obedencia e mando, cando están traspasados pol-a mesma luz, teñen a mesma dignidade.
42. Non confundir bárbaro con inxel. A boa cortesía nace da máxima inxeleza.
43. Non agardar agradecimento; pero agradecerlo.
44. Organizar, non sumar.
45. Almas valdeiras andan sempre a xuntar e dividir, a ostentar número e quebrantalo, sen outra mira que parecer xefes... ou evitar que outros o parezan.
46. Sempre foron loubados os combatentes galegos. Diante do perigo, preto da morte, lonxe da intriga, as máis segredas e firmes virtudes da nosa raza móstranse enteiras. ¡Honor aos nosos combatentes!
47. Despois... A nosa paz será tan digna como unha guerra santa.

V I L A M A R I Ñ E I R A



P O R X A N L U C E N S E

AS POSIBILIDADES DO NOSO ESTATUTO DESPOIS DA GUERRA • Por R. SUAREZ PICALLO

O ideal da galeguidade concretado na autodeterminación política de Galiza, que fora sentimento lírico nos poetas precursores, sedimento cultural i-anceio investigador nos continuadores, convertiuse n'unha forte correntada política e social nos novos espritos. Acolledor de total-as ideas influíu canto en Galiza significaba arela de superación. E conste que decimos galeguidade, e non galeguismo, pra significar a súa eistensión a todas as forzas políticas, sociais e culturais que vivían na nosa terra, mais aló de toda fronteira partidista. En xaneiro do 1934, a un mes de iniciado o bienio negro, moito antes de que xurdira na Hespaña e no mundo a idea do Frente Popular, unha assembleia galeguista celebrada en Ourens facía unha declaración que era un chamamento a total-as forzas políticas, republicanas e obreiras para unha colaboración conxunta, cuxa primeira consiña era a autonomía de Galiza. Os periódicos A Nosa Terra, Claridad e Ser; O País, de Pontevedra; J R, de Ferrol, e outros, consagráronse a proclamar a súa necesidade en horas ben duras e tristes. Por eso, cando o Fronte Popular foi un feito en toda Hespaña, xa facía tempo que eistía tácitamente en Galiza. Galiza intuíu o 16 de febreiro que o trunfo do Frente Popular era o trunfo da súa autonomía. Por eso trunfou o Frente Popular, alí donde o pobo puido eispresar a súa vontade.

A parte do seu programa nacional, maravillosamente apto no setenta por cen dos seus puntos, pra ser aplicado á morfloxía económico-social de Galiza, tiña na nosa terra un novo e poderoso factor de avencellamento: o deseio eispresado por todas as forzas que o integraban, de conquistar a autonomía. De ahí que a xornada estatutista — aínda mais que a do 16 de febreiro — e os poucos días que lle seguiron (até que foi consumada a moura traición que enloita i-ensangrenta a patria) consagráronse para sempre o Frente Popular en Galiza como única forza chamada a construír a grande obra projectada.

Non é de oxe este pensamento noso. E de sempre, dend'o mesmo intre en que a Revolución abriu o seu primeiro capítulo aló pol-o 1917; pensamento feito carne e sangue, única esperanza nosa para oxe e para mañán, pra soerguela da súa actual desventura. E tamén pra facer a xustiza, ineisorable, que

dend'o Alén reclaman os nosos mortos benamados, caídos en suprema comunidade de martirio. Frente Popular para oxe, para mañán e para sempre, arrequeentado con novas forzas — indiferentes na hora do plebiscito — dispostas agora a participar na reconstrucción do fogar común desfeito. Frente Popular da Liberdade da nosa patria galega, de grandes hourizontes, de ilimitada cordialidade, sin reservas e sin resquemores, sin miudas inxustizas, soerguendo o corazón pra que pasen por debaixo, sin tocarlle, as pequenas cousas inherentes á nosa condición humán; buscando, con afincado e xeneroso tesón todo canto poida unir total-as nosas virtudes creadoras que as hai en toda criatura. ¡Como n'aqueles días esperanzados, de trementes emocións, precursores do 16 de febreiro e do 28 do San Xohán do 1936!

O Estatuto que o País Galego plebiscitou, presentado ás Cortes dous días antes do traidor golpe militar, é un documento breve, sobrio, conciso e flexible. Denantes de chegar á súa formación definitiva pasou por múltiples etapas e tivo moitas e mui varias fontes. Servíronlle de base cinco projectos distintos e a súa comisión redactora abriu unha información pública por espacio de varios meses durante a cual recolleu i-estudou total-as enmendas que quixeron facerlle directamente os galegos de todo o mundo. É un índice mínimo de concidencias e de posibilidades, froito de un anxeio de colaboración roto na aitualidade por quenes debían ter máis interés en mantela. Emporeso sigue sendo marco apto pro vivir futuro de Galiza, aínda despois da tremenda convulsión actual. Todos os avances democráticos, todos os eisperimentos sociais, dend'as coeitivizacións deica a nova xustiza, feitos ou intentados até oxe na Hespaña da Democracia e da Revolución, poden desenrolarse — adaptados á nosa morfloxía peculiar — dentro do marco do Estatuto galego.

Repoblación forestal pol-a vía coeativista; Banco Popular Galego encargado de canalizar o noso aforro de Galiza e de América; socialización da gran industria pesqueira; coeativización pol-a vía do cooperativismo da economía agropecuaria; socialización da forza dos no-

sos ríos e das nosas fontes mineiras; confiscacións punitivas das grandes riquezas dos traidores; democracia popular directa, con iniciativa referendun a recall; municipio comunal libre sobre a base da parroquia rural en réximen de concello aberto; municipalización ou nacionalización de servizos públicos; cultura nova en todas as súas manifestacións. Escolas de orientación profesional e de outros estudos económicos; xustiza popular, rápida e gratuita, son problemas previstos e normados na nosa Carta autonómica — Salvo miudas modificacións regulamentarias, todo o seu contido é útil. Eisperencia actual — dura eisperencia servirá para engadirlle cousas, xustas das circunstancias, tendentes a facer mais grande o continente, dándolhe máis cabida ó contido.

Os que nun mañán — que desexamos afervoadamente sexa o mais próximo posibel — teñan a outa misión de dar xir a vida pública do noso país galego atoparán n'aquel Estatuto e nos tratados ó seu derredor, unha fonte caudalosa de orientacións e un índice de outos e nobels propósitos. Esa será maisima e única gloria, dos que lle sagramos o máis puro da nosa vida, para sempre entebrecida i-amargurada. E ese será tamén o homáxen que merecen os nosos hérois vivos i-os mártires mortos. ¡Que os esforzos uns i-o martirio dos outros non sexen estériles! Eis a consiña i-a afirmación no primeiro aniversario da grande e mérides.

